

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO**

ORDE do 4 de decembro de 2025 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para a prevención dos danos que causan determinadas especies de fauna silvestre e se convocan para o ano 2026 (código de procedemento MT809D).

De acordo co disposto no artigo 148.1.11 da Constitución, en virtude do establecido no artigo 27.15 do Estatuto de autonomía de Galicia, esta comunidade autónoma ten competencia exclusiva en materia de conservación da natureza.

A Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático ten atribuída a conservación, protección, uso sustentable, mellora e restauración do patrimonio natural e da biodiversidade de Galicia, segundo o establecido no Decreto 42/2024, do 14 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, no Decreto 49/2024, do 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia, e no Decreto 137/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático.

As poboacións dalgunhas especies silvestres están ocasionando que, con máis frecuencia, as colleitas agrícolas, os aproveitamentos forestais e a produción gandeira se vexan afectados negativamente. Para evitar estes danos é necesario poñer en marcha un conxunto de medidas que permitan protexer no posible os cultivos e as producións máis sensibles.

En todo caso, considérase conveniente protexer os cultivos agrícolas e as producións gandeiras e as producións complementarias do monte como a apícola, naqueles lugares en que as características do medio se mostran especialmente propicias para que tales producións sexan afectadas.

O réxime xeral das axudas e subvencións nas administracións públicas establécese nas disposicións básicas da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. A nivel regulamentario, a norma principal constitúea o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro. Esta orde cumpre coas esixencias da citada normativa.

CVE-DOG: wfe0ry45-fo88-zqq8-q85-ujkns22en8j4



En virtude do anterior, en concordancia co disposto no artigo 27.15 do Estatuto de autonomía e en uso das atribucións que me confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia,

ACORDO:

Artigo 1. *Obxecto e principios*

1. Esta orde ten por obxecto establecer as bases reguladoras dunha liña de axudas a favor das persoas titulares de explotacións agrícolas e/ou gandeiras afectadas polos ataques de especies de fauna silvestre (lobo, oso e xabaril), coa finalidade de fomentar a aplicación de medidas de protección, para o que se incentivará a adquisición de elementos preventivos dos danos que poidan ocasionar estas especies, procedendo á súa convocatoria para o ano 2026 (procedemento MT809D).

2. Estas axudas tramitaranse en réxime de publicidade, transparencia, concorrència competitiva, obxectividade, igualdade e non discriminación, con eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados e eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos. Así mesmo, resultarán de aplicación os preceptos da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 2. *Actuacións subvencionables*

1. Ao abeiro desta orde, subvencionarase:

a) Liña para a prevención de danos ocasionados polo lobo: para a adquisición e mantención de cans para a protección e defensa do gando, de pastores eléctricos e/ou de cerrumes de malla electrificada, cuxa adquisición se faga, en todos os casos, con posterioridade á publicación desta orde.

b) Liña para a prevención de danos ocasionados polo oso: para a adquisición de pastores eléctricos, cuxa adquisición se faga con posterioridade á publicación desta orde.

c) Liña para a prevención de danos ocasionados polo xabaril: para a adquisición de pastores eléctricos, cuxa adquisición se faga con posterioridade á publicación desta orde.

2. Non será obxecto de subvención:

a) O imposto sobre o valor engadido (IVE).

CVE-DOG: wfe0ry45-fo88-zqq8-q85-ujkns22en8j4



b) O transporte dos materiais, a man de obra para a instalación e mantemento dos pastores eléctricos, dos cerrumes de malla electrificada e todos aqueles que figuren no artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, como non subvencionables.

3. En todo caso, a contía da subvención non poderá ser nunca superior ao custo da actuación subvencionable.

Artigo 3. *Persoas beneficiarias e requisitos*

1. Liña para a prevención de danos ocasionados polo lobo:

Poderanse acoller a estas axudas as persoas físicas ou xurídicas titulares de explotacións gandeiras do tipo de gando bovino, ovino, cabrún, porcino da raza Celta e equino que figuren incluídas no Rexistro Xeral de Explotacións Gandeiras (Rega) de Galicia.

2. Liña para a prevención de danos ocasionados polo oso:

Poderanse acoller a estas axudas as persoas físicas ou xurídicas titulares de explotacións apícolas asentadas en concellos zona oseira e área de influencia (anexo III).

3. Liña para prevención de danos ocasionados polo xabaril.

Poderanse acoller a estas axudas:

a) As persoas físicas ou xurídicas que exercen a actividade agraria e estean inscritas no Rexistro de Explotacións Agrarias de Galicia (Reaga), creado mediante o Decreto 200/2012, do 4 de outubro, polo que se regula o Rexistro de Explotacións Agrarias de Galicia, e modificado pola disposición derradeira terceira do Decreto 125/2014, do 4 de setembro, polo que se regula en Galicia a venda directa de produtos primarios desde as explotacións á persoa consumidora final.

b) As explotacións agrarias destinadas ao autoconsumo.

4. As persoas beneficiarias deberán cumprir coas obrigas establecidas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e non estar incursas en ningunha das circunstancias previstas no seu artigo 10.



Artigo 4. Adquisición de cans protectores e defensores do gando

1. Será subvencionable a adquisición de cans protectores e defensores do gando cunha idade inferior ou igual aos catro meses, das seguintes razas: mastín español, mastín do Pireneo e can de palleiro, así como os gastos da súa identificación, e a persoa interesada deberá achegar a documentación relativa aos controis sanitarios realizados segundo a lexislación vixente, e a documentación acreditativa da identificación do animal e a súa inscrición no Rexistro Galego de Identificación de Animais de Compañía (Regiac), de acordo co establecido no punto 3 da disposición transitoria primeira da Lei 4/2017, do 3 de outubro, de protección e benestar dos animais de compañía en Galicia. No caso do can de palleiro, deberase achegar, así mesmo, o certificado da entidade xestora do libro xenealóxico da raza, que acredite que o animal está rexistrado no libro xenealóxico da raza correspondente.

2. Será subvencionable o gasto de manutención dos cans protectores e defensores do gando das razas descritas no punto 1 deste artigo que estean inscritos no Regiac a nome do solicitante no momento de presentación da solicitude ou que se adquiran ao abeiro da presente convocatoria.

3. Estas axudas poderán cubrir a totalidade do custo de adquisición dos cans protectores e defensores do gando, así como os gastos da súa identificación. O número dos animais subvencionables por explotación estará en función do número de reses da explotación gandeira, podendo subvencionarse un máximo dun can protector e defensor do gando por rabaño de ata 60 reses de gando menor ou 15 reses de gando maior; ata un máximo de tres cans por explotación, cando se supere este número de reses.

Así mesmo, poderanse cubrir os gastos de manutención de cans protectores e defensores do gando. O número dos animais subvencionables por explotación será determinado atendendo ao criterio descrito anteriormente.

4. O importe máximo das axudas para a adquisición dos cans protectores e defensores do gando, así como os gastos da súa identificación, non excederá os 300 € por can e, no caso de gastos de mantemento, de 200 € por can.

CVE-DOG: wfe0ry45-fo88-zqq8-q85-ujkns22en8j4



Artigo 5. Adquisición de pastores eléctricos

1. As axudas relativas á adquisición dos pastores eléctricos poderán cubrir a totalidade do seu custo de adquisición, IVE excluído, ata un máximo de 3 pastores eléctricos por explotación.

2. A contía máxima da axuda por explotación será de 600 €.

3. O importe máximo das axudas para a adquisición de pastores eléctricos será de 150 € por pastor eléctrico alimentado por batería ou conectado á rede eléctrica, e de 300 € por pastor eléctrico cuxa batería se alimente con panel fotovoltaico.

4. O número de pastores eléctricos que poderá subvencionarse por explotación gandeira ou agraria asignarase de acordo co seguinte:

a) Explotacións gandeiras de gando bovino, ovino, cabrún, porcino da raza Celta, e equino; en función do número de reses de gando maior e menor con que conte a explotación:

Núm. de reses de gando menor*	Núm. de reses de gando maior*	Núm. de pastores eléctricos
De 1 a 50	De 1 a 20	1
De 51 a 100	De 21 a 50	2
Máis de 100	Máis de 50	3

*Para os efectos desta axuda considérase:

- Gando maior: gando bovino, equino e asnal.
- Gando menor: gando ovino, caprino e porcino.

b) Explotacións apícolas: en función do número de asentamentos con que conte a explotación:

Nº de asentamentos apícolas	Núm. de pastores eléctricos
Menor ou igual a 4	1
De 5 ata 10	2
Máis de 10	3

c) Explotacións agrarias; en función da superficie admisible declarada na solicitude única da política agraria comunitaria (PAC) do ano 2025.

Superficie admisible declarada (hectáreas)	Núm. de pastores eléctricos
Menor ou igual a 10	1
De 11 ata 20	2
Máis de 20	3



d) Para persoas propietarias de explotacións agrícolas destinadas ao autoconsumo, establécese un máximo dun pastor eléctrico por persoa beneficiaria.

5. Os pastores eléctricos que se adquiran deben cumprir, como mínimo, coas seguintes características técnicas:

a) Pastores para a prevención de danos por oso:

1º. Alimentación con batería de 12 V 17 Ah e placa solar incluída de 10 watts.

2º. Enerxía de saída entre 0,3 e 2,2 joules.

3º. Control luminoso de batería.

4º. Cargador de 12V 3A.

5º. Debe incluír a placa solar, a batería e un cargador de batería.

b) Pastores para a prevención dos danos do xabaril ou o lobo:

1º. Enerxía mínima de saída de 2 joules.

2º. Alimentación mediante batería ou rede eléctrica.

3º. Se a batería se alimenta mediante panel fotovoltaico, este será como mínimo de 10 watts.

Artigo 6. *Adquisición de cerrumes móbiles de malla electrificada*

As mallas terán que cumprir as especificacións que figuran no anexo I de especificacións técnicas desta orde.

As axudas concedidas poderán cubrir a totalidade do custo da adquisición de cerrumes móbiles de malla electrificada, IVE excluído.

A contía máxima da dita axuda será de 100 € por malla de 50 m, ata un máximo de 8 mallas por explotación.



Artigo 7. Solicitudes

1. As solicitudes presentaranse preferiblemente por vía electrónica a través do formulario normalizado (anexo II) dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>

A presentación electrónica será obrigatoria para as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, persoas traballadoras autónomas, as persoas representantes dunha das anteriores.

De conformidade co artigo 68.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, se algunha das persoas interesadas obrigadas á presentación electrónica presenta a súa solicitude presencialmente, requiriráselle para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela en que fose realizada a emenda. Se a emenda deste concreto defecto (presentación presencial da solicitude) se realiza unha vez transcorrido o prazo indicado na convocatoria da subvención para a presentación de solicitudes, o órgano competente ditará resolución en que se desestimar á solicitude por presentarse fóra do prazo, de acordo co artigo 23 en relación co artigo 20.2 letra g) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Para a presentación electrónica poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

Aquelas persoas interesadas non obrigadas á presentación electrónica, opcionalmente, poderán presentar as solicitudes presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, utilizando o formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.

As solicitudes dirixiranse á Dirección Xeral de Patrimonio Natural da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático.

2. A solicitude de axuda segundo o anexo II desta orde, (procedemento MT809D), inclúe as seguintes declaracións da persoa solicitante:

a) Declaración do total das solicitudes de axudas solicitadas ou concedidas, para o mesmo fin, das distintas administracións públicas.

CVE-DOG: wfe0ry45-fo88-zqq8-q85-ujkns22en8j4



b) Declaración responsable de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non ter pendentes de pagamento débedas coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia.

c) Declaración do cumprimento dos requisitos e condicións establecidos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

d) Declaración do cumprimento dos requisitos e condicións establecidos na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 8. *Documentación complementaria*

1. As persoas interesadas deberán achegar coa solicitude a seguinte documentación:

a) Se a persoa titular é unha persoa xurídica, acordo do órgano competente desta co acordo dos/das partícipes para solicitar a subvención. Cando se trate dunha comunidade de bens, acreditarase que o acordo foi tomado pola maioría dos seus membros e o réxime de participación de cada un deles na dita comunidade. Cando se trate dunha comunidade de montes veciñais en man común, o acordo deberá estar tomado en asemblea e acreditado mediante acta ou certificación da secretaría.

b) No caso de explotacións agrarias de autoconsumo que soliciten a adquisición de pastores eléctricos deberá acreditarse a titularidade da explotación a través de calquera dos medios de proba admitidos en dereito.

c) No suposto de actuar por representación, acreditación da persoa representante que asine a solicitude, por calquera dos medios sinalados no artigo 5 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e do artigo 32 do Real decreto 203/2021, do 30 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de actuación e funcionamento do sector público por medios electrónicos.

De conformidade co artigo 28.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, non será necesario achegar os documentos que xa fosen presentados anteriormente pola persoa interesada ante calquera Administración. Neste caso, a persoa interesada deberá indicar en que momento e ante que órgano administrativo presentou os ditos documentos, que serán solicitados electronicamente a través das redes corporativas ou mediante consulta ás plataformas de interme-

CVE-DOG: wfe0ry45-fo88-zqq8-q85-ujkns22en8j4



diación de datos ou outros sistemas electrónicos habilitados para o efecto, agás que conste no procedemento a oposición expresa da persoa interesada.

De forma excepcional, se non se poden obter os citados documentos, poderá solicitarse novamente á persoa interesada a súa achega.

2. A documentación complementaria presentarase preferiblemente por vía electrónica.

A presentación electrónica será obrigatoria para os suxeitos obrigados á presentación electrónica da solicitude. Se algunha destas persoas presenta a documentación complementaria presencialmente, requiriráselle para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela en que fose realizada a emenda. Se a emenda deste concreto defecto (presentación presencial da solicitude) se realiza unha vez transcorrido o prazo indicado na convocatoria da subvención para a presentación de solicitudes, o órgano competente ditará resolución en que se desestimarán a solicitude por presentarse fóra do prazo, de acordo co artigo 23 en relación co artigo 20.2 letra g) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Aquelas persoas non obrigadas á presentación electrónica, opcionalmente, poderán presentar a documentación complementaria presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, cando a relevancia do documento no procedemento o exixa ou existan dúbidas derivadas da calidade da copia, a Administración poderá solicitar de maneira motivada o cotexo das copias achegadas pola persoa interesada, para o que poderán requirir a exhibición do documento ou da información orixinal.

3. Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude deberase indicar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de rexistro de entrada da solicitude e o número de expediente, se se dispón del.

4. Se algún dos documentos que se vai presentar de forma electrónica supera os tamaños máximos establecidos ou ten un formato non admitido pola sede electrónica da Xunta de Galicia, permitirase a presentación deste de forma presencial dentro dos prazos previstos e na forma indicada no número anterior. A información actualizada sobre o tamaño máximo e os formatos admitidos pode consultarse na sede electrónica da Xunta de Galicia.

CVE-DOG: wfe0ry45-fo88-zqq8-qs85-ujkns22en8j4



Artigo 9. Trámites administrativos posteriores á presentación da solicitude

A sede electrónica da Xunta de Galicia permite ás persoas interesadas realizar trámites electrónicos, con posterioridade ao inicio do expediente, accedendo á Carpeta cidadá da persoa interesada. Cando as persoas interesadas non resulten obrigadas á presentación electrónica, tamén poderán realizarse os ditos trámites presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Artigo 10. Comprobación de datos

1. Para a tramitación deste procedemento consultaránse automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos en poder da Administración actuante ou elaborados polas administracións públicas, agás que a persoa interesada se opoña á súa consulta:

- a) Consulta do DNI/NIE da persoa solicitante.
- b) Consulta do DNI/NIE da persoa representante (se for o caso).
- c) Consulta do NIF da entidade solicitante para as persoas xurídicas.
- d) Consulta do NIF da entidade representante.
- e) Estar ao día no pagamento coa Seguridade Social.
- f) Estar ao día no pagamento de obrigas tributarias (AEAT).
- g) Estar ao día no pagamento coa Consellería de Facenda e Administración Pública.
- h) Consulta de inhabilitacións para obter subvencións e axudas.
- i) Consulta de concesións de subvencións e axudas.

2. Consultaranse ademais os seguintes datos cando a persoa interesada faga constar na solicitude que lle é de aplicación a circunstancia que acredita o documento correspondente:

- a) Consulta da inscrición no Rexistro Xeral de Explotacións Gandeiras de Galicia (Rega), no caso de explotacións gandeiras e apícolas.



b) Consulta do censo gandeiro ou número de asentamentos da explotación referido a unha data posterior á da entrada en vigor desta orde de axudas, obtido da base de datos da aplicación informática da Consellería do Medio Rural, no caso de explotacións gandeiras.

c) Consulta da inscrición no Rexistro de Explotacións Agrarias de Galicia (Reaga), no caso de explotación agrarias.

d) Consulta das referencias Sixpac das parcelas en que se aplicarán as medidas de prevención subvencionadas, unicamente no caso de explotacións agrarias dedicadas ao autoconsumo.

e) Consulta da superficie admisible declarada na solicitude única da política agraria comunitaria (PAC) do ano 2025, de ser o caso.

f) Consulta da inscrición no Rexistro Galego de Identificación de Animais de Compañía (Regiac), de acordo co establecido no punto 3 da disposición transitoria primeira da Lei 4/2017, do 3 de outubro, de protección e benestar dos animais de compañía en Galicia, no caso de solicitar a axuda para a adquisición e/ou manutención de cans protectores e defensores do gando das razas mastín español, mastín do Pireneo e can de palleiro.

3. No caso de que as persoas interesadas se opoñan á consulta, deberán indicalo no recadro correspondente habilitado no formulario correspondente e achegar os documentos.

Cando así o exixa a normativa aplicable, solicitarase o consentimento expreso da persoa interesada para realizar a consulta.

4. Excepcionalmente, cando algunha circunstancia imposibilitase a obtención dos citados datos, poderase solicitar ás persoas interesadas a presentación dos documentos correspondentes.

Artigo 11. *Transparencia e bo goberno*

1. Deberá darse cumprimento ás obrigas de transparencia contidas no artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e no artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. En virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, as persoas físicas e xurídicas beneficiarias de subvencións están obrigadas a subministrar á Administración, ao organismo ou á entidade das previstas no artigo 3.1

CVE-DOG: wfe0ry45-fo88-zqq8-q85-ujkns22en8j4



da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, a que se atopen vinculadas, previo requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento por aquela das obrigas previstas no título I da citada lei.

Artigo 12. *Notificación*

1. As notificacións de resolucións e actos administrativos practicaranse preferentemente por medios electrónicos e, en todo caso, cando as persoas interesadas resulten obrigadas a recibilas por esta vía. As persoas interesadas que non estean obrigadas a recibir notificacións electrónicas poderán decidir e comunicar en calquera momento que as notificacións sucesivas se practiquen ou deixen de practicar por medios electrónicos.

2. A persoa interesada deberá manifestar expresamente a modalidade escollida para a notificación (electrónica ou en papel) no formulario. No caso de optar pola notificación en papel, practicarase a notificación segundo o establecido na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

3. De conformidade co artigo 45.2 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, as notificacións electrónicas practicaranse mediante a comparecencia na sede electrónica da Xunta de Galicia e a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal. Este sistema remitirá ás persoas interesadas avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación efectuada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

No caso de persoas interesadas obrigadas a recibir notificacións só por medios electrónicos deberán optar en todo caso, no formulario, pola notificación por medios electrónicos, sen que sexa válida, nin produza efectos no procedemento, unha opción diferente.

4. As notificacións por medios electrónicos entenderanse efectuadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido. Cando a notificación por medios electrónicos sexa de carácter obrigatorio, ou fose expresamente elixida pola persoa interesada, entenderase rexeitada cando transcorresen dez días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

5. Se o envío da notificación electrónica non é posible por problemas técnicos, practicarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

CVE-DOG: wfe0ry45-fo88-zqq8-q85-ujkns22en8j4



Artigo 13. *Prazo de presentación de solicitudes*

O prazo de presentación das solicitudes de axuda será dun mes, que se contará desde o día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*.

Entenderase como último día do prazo o correspondente ao mesmo ordinal do día da publicación no *Diario Oficial de Galicia*. Se o último día do prazo é inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte, e se no mes de vencemento non hai día equivalente ao inicial do cómputo, entenderase que o prazo expira o último día do mes.

Artigo 14. *Criterios para a concesión da axuda***1. Liña para a prevención de danos ocasionados polo lobo.**

Para a concesión das axudas para a adquisición de cans protectores e defensores do gando, pastores eléctricos, cerrumes móbiles de malla electrificada establécense os seguintes criterios de valoración, por orde de preferencia:

a) Titulares de explotacións gandeiras que non recibiron axudas polos mesmos conceptos en convocatorias de anos anteriores: 10 puntos.

b) Existencia de danos ocasionados polo lobo na explotación gandeira entre o 1 de outubro de 2025 ata o 30 de setembro de 2026, que fosen avaliados favorablemente pola Comisión de Valoración establecida na orde anual pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para paliar os danos producidos por esta especie: 20 puntos, incrementándose en 0,5 puntos por cada un dos danos sufridos neste período, ata un máximo de 5 puntos.

c) Número de cabezas de gando:**1º. Gando maior:**

- Máis de 10 cabezas: 4 puntos.
- Máis de 20 cabezas: 10 puntos.
- Máis de 50 cabezas: 20 puntos.



2º. Gando menor:

- Máis de 30 cabezas: 6 puntos.
- Máis de 60 cabezas: 12 puntos.
- Máis de 100 cabezas: 25 puntos.

No caso de explotacións mixtas de gando maior e menor a puntuación resultante será o sumatorio dos puntos obtidos polo número de cabezas de gando maior e menor.

d) Titulares de explotacións gandeiras que teñan contratada unha liña de aseguramento gandeiro que inclúa como riscos asegurables os ataques ao gando por animais silvestres: 5 puntos.

A concesión das axudas para a adquisición de cans protectores e defensores do gando, pastores eléctricos, cerrumes móbiles de malla electrificada realizarase mediante a comparación das solicitudes presentadas, de acordo cos criterios de valoración anteditos, e adxudicarase, cos límites fixados na convocatoria dentro do crédito dispoñible, a aquelas que teñan obtido maior valoración en aplicación dos citados criterios, ata esgotar o dito crédito.

En caso de empate na puntuación obtida, este resolverase tendo en conta a valoración no criterio a), de persistir o empate, atenderase á cualificación no criterio b), e se continúa a igualdade, dirimirase o empate segundo a orde de rexistro de entrada das solicitudes.

2. Liña para a prevención de danos ocasionados polo oso:

Para a concesión das axudas para a adquisición de pastores eléctricos para a prevención de danos ocasionados polo oso, establécese como criterio de valoración, por orde de preferencia:

- a) O número de asentamentos que posúe cada explotación apícola:
- De 0 a 5 asentamentos: 4 puntos.
 - De 6 a 10 asentamentos: 10 puntos.
 - Más de 10 asentamentos: 20 puntos.



b) A preexistencia de danos comunicados nos dous últimos anos na explotación: 10 puntos.

c) Explotacións apícolas que estean comprendidas, total ou parcialmente, nalgún dos concellos indicados no anexo III desta orde, en que se establece a zona oseira e a súa área de influencia: 20 puntos.

d) Titulares de explotacións gandeiras que teñan contratada unha liña de aseguramento gandeiro que inclúa como riscos asegurables os ataques ao gando por animais silvestres: 5 puntos.

A concesión das axudas realizarase mediante a comparación das solicitudes presentadas, de acordo cos criterios de valoración anteditos, e adxudicarase, cos límites fixados na convocatoria dentro do crédito dispoñible, a aquelas que teñan obtido maior valoración en aplicación dos citados criterios, ata esgotar o dito crédito.

En caso de empate na puntuación obtida, este resolverase tendo en conta a valoración no criterio a), de persistir o empate, atenderase á cualificación no criterio b), e se continúa a igualdade, dirimirase o empate segundo a orde de rexistro de entrada das solicitudes.

3. Liña para a prevención de danos ocasionados polo xabaril:

Para a concesión das axudas para a adquisición de pastores eléctricos para a prevención de danos ocasionados polo xabaril, establécense os seguintes criterios de valoración, por orde de preferencia:

a) Solicitantes que non recibiron axudas polos mesmos conceptos en convocatorias de anos anteriores: 20 puntos.

b) Superficie total xestionada pola explotación agraria inscrita no Reaga:

– Menor ou igual a 10 hectáreas: 5 puntos.

– De 11 a 20 hectáreas: 10 puntos.

– Mais de 20 hectáreas: 20 puntos.



c) Titulares de explotacións agrarias que teñan contratada unha liña de aseguramento que inclúa como riscos asegurables os danos aos cultivos agrarios ocasionados por animais silvestres: 5 puntos.

d) Explotación agraria destinada ao autoconsumo: 3 puntos.

A concesión das axudas realizarase mediante a comparación das solicitudes presentadas, de acordo cos criterios de valoración anteditos, e adxudicarase, cos límites fixados na convocatoria dentro do crédito dispoñible, a aquelas que teñan obtido maior valoración en aplicación dos citados criterios, ata esgotar o dito crédito.

En caso de empate na puntuación obtida, este resolverase tendo en conta a valoración no criterio a), de persistir o empate, atenderase á cualificación no criterio b), e se continúa a igualdade, dirimirase o empate segundo a orde de rexistro de entrada das solicitudes.

Artigo 15. *Tramitación*

1. As solicitudes remitiranse á Dirección Xeral de Patrimonio Natural da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático. O Servizo de Caza e Pesca Fluvial examinará e revisará a documentación acompañante que se especifica no artigo 8 desta orde.

2. Cando se detecten erros ou omisións, requirirase a persoa interesada para que, no prazo de dez (10) días hábiles contados desde o seguinte ao de recepción do requirimento, emende ou complete a solicitude, coa indicación de que, se non o fai así, se terá por desistido da súa petición logo de resolución que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 21 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

3. Por tratarse dun procedemento de concorrência competitiva, de conformidade co establecido nos artigos 42, 43, 45 e 46 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os citados requirimentos de emenda poderanse facer, ben a través de notificación individualizada, ben mediante publicación no *Diario Oficial de Galicia* ou na páxina web da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático, a cal producirá os mesmos efectos que a devandita notificación.

4. Sen prexuízo do disposto no número 2, en calquera fase do procedemento anterior á proposta de resolución poderáselle requirir á persoa solicitante que achegue a información



e documentación complementaria que se considere conveniente para a correcta definición, avaliación e comprobación da solicitude presentada.

5. O Servizo de Caza e Pesca Fluvial examinará as solicitudes e a documentación presentada e emitirá un informe de valoración de todas as solicitudes en que se establecerá a orde de prelación das persoas solicitantes que elevará á Subdirección Xeral de Biodiversidade e de Recursos Cinexéticos e Piscícolas para que esta continúe coa súa tramitación.

6. Unha vez recibidos os informes do Servizo de Caza e Pesca Fluvial, a Subdirección Xeral de Biodiversidade e de Recursos Cinexéticos e Piscícolas, como órgano instrutor, realizará as propostas de resolución das solicitudes realizadas á Dirección Xeral de Patrimonio Natural ata esgotar o crédito consignado para o efecto.

7. En ningún caso se concederán aboamentos á conta ou pagamentos anticipados.

Artigo 16. *Resolución e recursos*

1. De conformidade co establecido no artigo 7 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a competencia para a concesión das axudas reguladas nesta orde corresponde á persoa titular da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático. A resolución que poña fin ao procedemento será motivada con suxeición ao establecido nas bases reguladoras desta orde.

2. O prazo máximo para resolver será de tres meses desde que se esgote o prazo de presentación de solicitudes. Transcorrido o prazo sen que se ditase resolución expresa, as persoas solicitantes poderán entender desestimada a súa solicitude, nos termos previstos no artigo 25 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e no artigo 23.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

3. A resolución ditada, segundo o disposto no número 1 deste artigo, poñerá fin á vía administrativa e contra ela poderase interpoñer recurso potestativo de reposición ante a persoa titular da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático, no prazo dun mes a partir da notificación da resolución, ou ben impugnala directamente diante do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, se a resolución fose expresa, de acordo co disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

CVE-DOG: wfe0ry45-fo88-zqg8-q85-ujkns22en8j4



Artigo 17. *Aceptación da axuda concedida*

O outorgamento da subvención debe ser aceptado pola persoa beneficiaria no prazo máximo de dez (10) días desde a súa notificación, coas condicións específicas recollidas nesta orde. Se a persoa beneficiaria non comunica a súa aceptación dentro do prazo indicado, considerarase que se entende tacitamente aceptada a axuda concedida.

Artigo 18. *Compatibilidade*

As axudas previstas nesta orde serán compatibles con outras subvencións de calquera outra Administración pública para as mesmas finalidades, sempre e cando a suma das subvencións concedidas non supere o importe total dos gastos conforme o establecido no artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 19. *Rexistro Público de Subvencións*

1. A concesión das axudas para a prevención dos danos que causan determinadas especies de fauna silvestre reguladas nesta orde será obxecto de inscrición no Rexistro Público de Axudas, Subvencións, Convenios e de Sancións dependente da Consellería de Facenda e Administración Pública, coa fin da ordenación e coñecemento da actividade subvencionada en Galicia.

2. A solicitude para ser persoa beneficiaria de axudas para a prevención dos danos que causan determinadas especies de fauna silvestre levará implícita a autorización, no suposto de que se lle conceda a axuda solicitada, para a inscrición no Rexistro Público de Axudas, Subvencións, Convenios e de Sancións dependente da Consellería de Facenda e Administración Pública, dos datos facilitados á Xunta de Galicia na solicitude. Non obstante, as persoas solicitantes poderán denegar expresamente o seu consentimento á inscrición dos seus datos no Rexistro Público de Subvencións cando concorran algunha das circunstancias previstas na alínea d), do punto 2, do artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

3. En cumprimento do disposto no artigo 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, o texto da convocatoria e a información requirida no ordinal oitavo do devandito artigo será comunicado á Base de datos nacional de subvencións (BDNS).



Artigo 20. *Modificación das actividades subvencionadas*

Calquera modificación que se pretenda realizar nas actividades aprobadas, tanto no referente ao orzamento aprobado como ás distintas partidas que o compoñen, requirirá a aceptación expresa e previa da persoa titular da Dirección Xeral de Patrimonio Natural, por delegación da persoa titular da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático. Para tal efecto, realizarase unha proposta de modificación xustificada, que se deberá presentar con quince (15) días hábiles de anticipación á súa realización.

Artigo 21. *Xustificación do gasto*

1. O pagamento da cantidade adxudicada a cada persoa física ou xurídica queda condicionado á xustificación dos gastos obxecto de subvención.

2. O prazo máximo para presentar a xustificación dos gastos rematará o día 18 de setembro de 2026. Porén, poderase conceder, por petición xustificada da persoa física ou xurídica interesada realizada antes da finalización do prazo establecido sempre que non se prexudiquen dereitos de terceiros, unha ampliación do prazo de xustificación das axudas que non excederá a metade do prazo inicialmente previsto.

3. Para a xustificación do investimento obxecto de axuda, a persoa física ou xurídica beneficiaria deberá presentar a seguinte documentación:

a) Solicitude de pagamento segundo o anexo IV desta orde (procedemento MT809D), que inclúe as seguintes declaracións da persoa solicitante:

– Declaración de conta para a transferencia bancaria.

– Declaración complementaria do conxunto das axudas solicitadas, tanto das aprobadas ou concedidas como das pendentes de resolución, para esta mesma finalidade, das distintas administracións públicas competentes ou das súas entidades vinculadas ou dependentes.

b) Unha memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos, así como acreditar, de ser o caso, o disposto no artigo 29.3 da Lei de subvencións de Galicia. Esta memoria axustarase ao modelo do anexo V.

CVE-DOG: wfe0ry45-fo88-zqq8-qs85-ujkns22en8j4



c) Unha relación clasificada dos gastos e investimentos da actividade, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, a data de emisión e a data de pagamento, segundo o modelo do anexo VI.

d) Copia das facturas dos gastos, emitidas dentro do período comprendido entre a data de entrada en vigor da orde e a data límite de xustificación, xunto cos extractos de contas ou documento bancario debidamente identificados, de xeito que quede acreditada a efectiva realización dos pagamentos.

e) No caso de adquisición de cans protectores e defensores do gando, documentación relativa aos controis sanitarios realizados segundo a lexislación vixente.

f) No caso do can de palleiro, deberase achegar, así mesmo, o certificado da entidade xestora do libro xenealóxico da raza, que acredite que o animal está rexistrado no libro xenealóxico da raza.

4. Vista a documentación presentada, a Dirección Xeral de Patrimonio Natural fará, de ser o caso, proposta de pagamento da subvención concedida.

Artigo 22. *Pagamento*

O pagamento realizarase pola parte proporcional da contía da subvención efectivamente xustificada, calculado en función da porcentaxe subvencionada do custo final da actividade.

O pagamento realizarase previa verificación do órgano concedente do cumprimento da obriga de atoparse ao día no cumprimento das obrigas tributarias fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pago ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma nos termos previstos nos artigos 10 e 11 do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

Artigo 23. *Crédito*

1. Esta convocatoria de axudas tramítase de acordo co establecido no artigo 25 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no que se regula a tramitación anticipada de expedientes de gasto. Por iso a súa eficacia queda condicionada á existencia de crédito adecuado e

CVE-DOG: wfe0ry45-fo88-zqq8-q85-ujkns22en8j4



suficiente, nos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para o próximo ano 2026, no momento da resolución.

2. As axudas concedidas ao abeiro desta orde serán financiadas pola Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático cun importe total de catrocentos sesenta mil euros (460.000 €) con cargo á aplicación orzamentaria 06.04.541.B.770.1, dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2026, de acordo co seguinte:

a) Liña de prevención de danos ocasionados polo lobo: comprenderá ata un importe de trescentos vinte e cinco mil euros (325.000 €) que se destinarán para a adquisición e mantemento de cans protectores e defensores do gando, pastores eléctricos e cerrumes móbiles de malla electrificada.

b) Liña de prevención de danos ocasionados polo oso: comprenderá ata un importe de dez mil euros (10.000 €) que se destinarán para a adquisición de pastores eléctricos.

c) Liña de prevención de danos ocasionados polo xabaril: comprenderá ata un importe de cento vinte e cinco mil euros (125.000 €) que se destinarán para a adquisición de pastores eléctricos.

A repartición anterior aplicarase sen prexuízo de que, unha vez atendidas todas as solicitudes para cada liña de actuación, poida utilizarse o posible orzamento sobrante nunha delas para atender solicitudes na outra.

3. A Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático poderá aumentar o orzamento dispoñible para o financiamento desta orde, cando o incremento derive de:

a) Unha xeración, ampliación ou incorporación de crédito.

b) A existencia de remanentes doutras convocatorias financiadas con cargo ao mesmo crédito ou a créditos incluídos no mesmo programa ou en programas do mesmo servizo.

c) No suposto previsto no artigo 25.3 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

O incremento do crédito queda condicionado á declaración de dispoñibilidade de crédito como consecuencia das circunstancias antes sinaladas e, de ser o caso, unha vez aprobada a modificación orzamentaria que proceda.

CVE-DOG: wfe0ry45-fo88-zqq8-q85-ujkns22en8j4



Artigo 24. *Control das actividades subvencionadas*

A Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático poderá, en calquera momento, inspeccionar e controlar o destino das axudas e o cumprimento dos fins para os cales foron concedidas. En consecuencia, os servizos da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático poderán solicitar, en calquera momento da tramitación do procedemento, canta documentación se considere necesaria para comprobar a adecuada execución das actividades que fosen obxecto das axudas, consonte o establecido no artigo 30.1 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 25. *Disposicións xerais*

1. O réxime de infraccións e sancións aplicable será o establecido no título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, así como no previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

2. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente doutras outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión, de acordo co disposto no artigo 17.4 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

3. As persoas beneficiarias están obrigadas a someterse ás actuacións de comprobación e control que poidan efectuar os servizos competentes da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático, así como a facilitar toda a información que lles sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas, así como a que lles requira calquera órgano comunitario de inspección ou control, de acordo co establecido no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

4. Procederá a revogación das axudas concedidas, así como o reintegro total ou parcial das contías percibidas e a exixencia dos xuros de demora, de acordo co establecido no artigo 36 da Lei 9/2007, citada, nos casos e termos previstos no artigo 33 da mesma lei.

Disposición adicional primeira. *Delegación de competencias*

Deléganse na persoa titular da Dirección Xeral de Patrimonio Natural, para actuar por delegación da persoa titular da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático, as

CVE-DOG: wfe0ry45-fo88-zqq8-q85-ujkns22en8j4



competencias para resolver a concesión, denegación, modificación ou outras incidencias das subvencións previstas nesta orde.

Así mesmo, deléganse na persoa titular da Dirección Xeral de Patrimonio Natural as facultades relativas aos procedementos de reintegro sinaladas no título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Disposición derradeira primeira. *Desenvolvemento*

Facúltase a persoa titular da Dirección Xeral de Patrimonio Natural para que dite, no ámbito das súas competencias, as instrucións necesarias para o cumprimento do establecido nesta orde.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor*

Esta orde producirá efectos o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 4 de decembro de 2025

Ángeles Vázquez Mejuto
Conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático

ANEXO I

Especificacións técnicas dos cerrumes móbiles de malla electrificada

1. Cerrumes móbiles de malla electrificada:

Un valado electrificado instálase rodeando a parcela ou superficie en que se atopa o gando durante o día ou cercando os currais onde pasa a noite. Os valados electrificados desmontables permiten cambiar a súa situación en función das necesidades do gando.

As mallas electrificadas teñen que ter as seguintes especificacións:

- Altura mínima: 90 cm.
- Lonxitude mínima 50 m.



XUNTA
DE GALICIACONSELLERÍA DE
MEDIO AMBIENTE E
CAMBIO CLIMÁTICO

ANEXO II

PROCEDEMENTO	CÓDIGO DE PROCEDEMENTO	DOCUMENTO
AXUDAS ECONÓMICAS PARA A PREVENCIÓN DOS DANOS QUE CAUSAN AS ESPECIES SILVESTRES	MT809D	SOLICITUDE

DATOS DA PERSOA OU ENTIDADE SOLICITANTE

IDENTIFICACIÓN

TIPO

NÚM.

PAÍS EMISOR

NOME/RAZÓN SOCIAL

PRIMEIRO APELIDO

SEGUNDO APELIDO

ENDEREZO

PAÍS

TIPO

NOME DA VÍA

NÚM.

BLOQ.

ANDAR

PORTA

CÓDIGO POSTAL

PROVINCIA

CONCELLO

LOCALIDADE

PARROQUIA

LUGAR

CONTACTO

PREFIXO

TELÉFONO MÓBIL

PREFIXO

OUTRO TELÉFONO

CORREO ELECTRÓNICO

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)

IDENTIFICACIÓN

TIPO

NÚM.

PAÍS EMISOR

NOME/RAZÓN SOCIAL

PRIMEIRO APELIDO

SEGUNDO APELIDO

XUNTA
DE GALICIA

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>

XUNTA
DE GALICIACONSELLERÍA DE
MEDIO AMBIENTE E
CAMBIO CLIMÁTICOANEXO II
(continuación)

DATOS PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN

Enviaranse avisos da posta á disposición da notificación no correo electrónico e/ou teléfono móbil facilitados a seguir e que poderán cambiar en calquera momento a través de Notifica.gal:

PREFIXO	TELÉFONO MÓBIL	CORREO ELECTRÓNICO

ELECCIÓN DO MEDIO DE NOTIFICACIÓN PREFERENTE

As persoas obrigadas a relacionarse a través de medios electrónicos coa Administración deberán optar, en todo caso, pola notificación por medios electrónicos, sen que sexa válida para elas nin produza efectos unha opción diferente.

- ☐ **Electrónica** a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia - [Notifica.gal](https://notifica.xunta.gal) (<https://notifica.xunta.gal>).
Só se poderá acceder á notificación co certificado electrónico ou Chave365.
- ☐ **Postal** (cubrir o enderezo postal só se é distinto do indicado anteriormente).

PAÍS						
TIPO	NOME DA VÍA	NÚM.	BLOQ.	ANDAR	PORTA	
CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA	CONCELLO	LOCALIDADE			
PARROQUIA	LUGAR					

IDENTIFICACIÓN DA ZONA DOS DANOS

PARROQUIA	LUGAR			
CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA	CONCELLO	LOCALIDADE	

CÓDIGO DA EXPLOTACIÓN REAGA	CÓDIGO DA EXPLOTACIÓN REGA

XUNTA
DE GALICIA

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>



**XUNTA
DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE
MEDIO AMBIENTE E
CAMBIO CLIMÁTICO

ANEXO II
(continuación)

DATOS DA AXUDA SOLICITADA PARA A PREVENCIÓN DE DANOS OCASIONADOS POLO OSO		Nº CÓDIGO REGA		Nº CÓDIGO REGA		Nº CÓDIGO REGA	
		NÚMERO	IMPORTE	NÚMERO	IMPORTE	NÚMERO	IMPORTE
PASTORES ELÉCTRICOS	BATERÍA						
	FOTOVOLTAICOS						

DATOS DA AXUDA SOLICITADA PARA A PREVENCIÓN DE DANOS OCASIONADOS POLO LOBO		Nº CÓDIGO REGA		Nº CÓDIGO REGA		Nº CÓDIGO REGA	
		NÚMERO	IMPORTE	NÚMERO	IMPORTE	NÚMERO	IMPORTE
ADQUISICIÓN DE CANS PARA A PROTECCIÓN E DEFENSA DO GANDO							
MANUTENCIÓN DE CANS PARA A PROTECCIÓN E DEFENSA DO GANDO							
PASTORES ELÉCTRICOS	BATERÍA						
	FOTOVOLTAICOS						
MALLAS ELECTRIFICADAS MÓBILES							

DATOS DA AXUDA SOLICITADA PARA A PREVENCIÓN DE DANOS OCASIONADOS POLO XABARIL		Nº CÓDIGO REAGA		Nº CÓDIGO REAGA		Nº CÓDIGO REAGA	
		NÚMERO	IMPORTE	NÚMERO	IMPORTE	NÚMERO	IMPORTE
PASTORES ELÉCTRICOS	BATERÍA						
	FOTOVOLTAICOS						



**XUNTA
DE GALICIA**

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>

XUNTA
DE GALICIACONSELLERÍA DE
MEDIO AMBIENTE E
CAMBIO CLIMÁTICOANEXO II
(continuación)

A PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE DECLARA:

1. Que, en relación con outras axudas concedidas ou solicitadas:

- ☐ Non se solicitou nin se lle concedeu ningunha outra axuda para este mesmo proxecto e conceptos para os cales solicita esta subvención.
- ☐ Si se solicitou e/ou se lle concederon outras axudas para este mesmo proxecto e conceptos para os cales solicita esta subvención, que son as que a seguir se relacionan:

ORGANISMO	IMPORTE (€)

2. Que o(os) título(s) xurídico(s) que posúe para a utilización do terreo é/son o/os que a seguir se relaciona/n (unicamente no caso de explotacións agrarias de autoconsumo):

CÓDIGO DE IDENTIFICACIÓN SIXPAC DA(DAS) PARCELA(S)

Provincia	Concello	Agregado	Zona	Polígono	Parcela	Recinto	TÍTULO XURÍDICO PARA A UTILIZACIÓN DO TERREO

3. Que todos os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que se achegan son certos.

4. Non estar incursa en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

5. Non estar incursa en ningunha clase de inhabilitación para a obtención de axudas previstas nos números 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

6. Estar ao día no pagamento de obrigas por reintegro de subvencións, conforme o artigo 10.2.g) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 9 do Regulamento de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA OU XA PRESENTADA CON ANTERIORIDADE

☐ Se a persoa titular é unha persoa xurídica, acordo do órgano competente desta co acordo dos/das partícipes para solicitar a subvención.			
☐ Acreditación do acordo da solicitude de axuda, no caso de comunidade de bens.			
☐ Acreditación mediante acta ou certificación da secretaría do acordo da solicitude de axuda, tomado en asemblea, no caso de comunidade de montes veciñais en man común.			
☐ Xustificación da titularidade dos terreos a través de calquera dos medios de proba admitidos en dereito, no caso de explotacións agrarias de autoconsumo que soliciten a adquisición de pastores eléctricos.			
	ÓRGANO	CÓD. PROC.	ANO
☐ Documento acreditativo da representación por calquera medio válido en dereito, no caso de existir.			

XUNTA
DE GALICIA

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>

XUNTA
DE GALICIACONSELLERÍA DE
MEDIO AMBIENTE E
CAMBIO CLIMÁTICOANEXO II
(continuación)

COMPROBACIÓN DE DATOS

Os documentos relacionados serán obxecto de consulta ás administracións públicas. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no recadro correspondente e achegar unha copia dos documentos.	OPÓÑOME Á CONSULTA
DNI ou NIE da persoa solicitante	☐
DNI ou NIE da persoa representante	☐
Estar ao día no pagamento coa Seguridade Social	☐
Estar ao día no pagamento coa Consellería de Facenda e Administración Pública	☐
Inhabilitacións para obter subvencións e axudas	☐
Concesións de subvencións e axudas	☐
MARQUE O RECADRO CORRESPONDENTE PARA SINALAR AS CIRCUNSTANCIAS QUE LLE SEXAN DE APLICACIÓN	
☐ Inscripción no Rexistro Xeral de Explotacións Gandeiras de Galicia (Rega), no caso de explotacións gandeiras e apícolas	☐
☐ Censo gandeiro ou número de asentamentos da explotación referido a unha data posterior á da entrada en vigor desta orde de axudas, obtido da base de datos da aplicación informática da Consellería do Medio Rural, no caso de explotacións gandeiras	☐
☐ Inscripción no Rexistro de Explotacións Agrarias de Galicia (Reaga), no caso de explotacións agrarias	☐
☐ Referencias SIXPAC das parcelas en que se aplicarán as medidas de prevención subvencionadas, unicamente no caso de explotacións agrarias dedicadas ao autoconsumo	☐
☐ Superficie admisible declarada na solicitude única da política agraria comunitaria (PAC) do ano 2025, de ser o caso	☐
☐ Consulta da inscrición no Rexistro Galego de Identificación de Animais de Compañía (Regiac)	☐
CONSENTIMENTO PARA A COMPROBACIÓN DE DATOS A persoa interesada autoriza a consulta a outras administracións públicas dos seguintes datos. De non autorizar a consulta, deberá achegar o documento correspondente.	AUTORIZO A CONSULTA
NIF da entidade solicitante	☐ Si ☐ Non
NIF da entidade representante	☐ Si ☐ Non
Estar ao día no pagamento das obrigas tributarias coa AEAT	☐ Si ☐ Non

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE A PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS

Responsable do tratamento	Xunta de Galicia. Consellería do Medio Ambiente e Cambio Climático.
Finalidades do tratamento	A tramitación administrativa que se derive da xestión deste formulario e a actualización da información e contidos da Carpeta cidadá.
Lexitimación para o tratamento	O cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos derivada dunha competencia legalmente atribuída ao responsable do tratamento, así como o cumprimento de obrigas legais impostas ao dito responsable (artigo 6.1, letras c) e e), do RXPDI, e 8 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais). En concreto, a competencia e as obrigas previstas nos preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, así como na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e na Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia.
Destinatarios dos datos	Os datos persoais serán comunicados á Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático e a outras administracións públicas estatais, autonómicas e locais no exercicio das súas competencias cando sexa necesario para a tramitación e resolución deste procedemento.
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, oposición, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos ou retirar, se é o caso, o consentimento outorgado a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en (https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos)
Contacto coa persoa delegada de protección de datos e máis información	(https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos)

XUNTA
DE GALICIA

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>

**XUNTA
DE GALICIA**CONSELLERÍA DE
MEDIO AMBIENTE E
CAMBIO CLIMÁTICOANEXO II
(continuación)**LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Orde do 4 de decembro de 2025 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para a prevención dos danos que causan determinadas especies de fauna silvestre e se convocan para o ano 2026 (código de procedemento MT809D).

SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE

Lugar e data

 , de de

Dirección Xeral de Patrimonio Natural

CVE-DOG: wfe0ry45-fo88-zaq8-q85-ujkns22en8j4

**XUNTA
DE GALICIA**

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>

ANEXO III**Concellos de zona oseira e área de influencia**

Baleira
Becerreá
Bóveda
Cervantes
Folgozo do Caurel
Fonsagrada, A
Navia de Suarna
Negueira de Muñiz
Nogais, As
Pedrafitá do Cebreiro
Pobra de Brollón, A
Outeiro de Rei
Pol
Ribas de Sil
Samos
Triacastela
Quiroga
Carballeda de Valdeorras
Rúa, A
Rubiá
Veiga, A
Viana do Bolo
Vilamartín de Valdeorras
Vilariño de Conso

CVE-DOG: wfe0ry45-fo88-zqq8-qs85-ujkns22en8j4



XUNTA
DE GALICIACONSELLERÍA DE
MEDIO AMBIENTE E
CAMBIO CLIMÁTICO

ANEXO IV

SOLICITUDE DE PAGAMENTO

MT809D - AXUDAS ECONÓMICAS PARA A PREVENCIÓN DOS DANOS QUE CAUSAN AS ESPECIES SILVESTRES

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE

IDENTIFICACIÓN

TIPO

NÚM.

PAÍS EMISOR

NOME/RAZÓN SOCIAL

PRIMEIRO APELIDO

SEGUNDO APELIDO

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)

IDENTIFICACIÓN

TIPO

NÚM.

PAÍS EMISOR

NOME/RAZÓN SOCIAL

PRIMEIRO APELIDO

SEGUNDO APELIDO

DATOS BANCARIOS

☐ Formato IBAN☐ Formato BIC

Declaro baixo a miña responsabilidade que son certos os datos consignados relativos á conta bancaria indicada.

TITULAR DA CONTA

NÚMERO DE CONTA BANCARIA (24 DÍXITOS)

IBAN

A PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE DECLARA:

1. Que, en relación con outras axudas concedidas ou solicitadas:

- ☐ Non solicitou nin se lle concedeu ningunha outra axuda para este mesmo proxecto ou conceptos para os cales solicita esta subvención.
- ☐ Si solicitou e/ou se lle concederon axudas para este mesmo proxecto ou conceptos para os que se solicita esta subvención, que son as que a seguir se relacionan:

ORGANISMO	IMPORTE (€)

Así mesmo, comprométese a comunicar inmediatamente cantas axudas solicite e/ou obteña en réxime *de minimis* doutras administracións públicas ou doutros entes públicos, nacionais ou internacionais, a partir da data desta declaración.

2. Que todos os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que se achegan son certos.
3. Non estar incursa en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
4. Non estar incursa en ningunha clase de inhabilitación para a obtención de axudas previstas nos números 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

XUNTA
DE GALICIA

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>

XUNTA
DE GALICIACONSELLERÍA DE
MEDIO AMBIENTE E
CAMBIO CLIMÁTICOANEXO IV
(continuación)

DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA

- ☐ Memoria xustificativa das actuacións segundo o modelo do anexo V desta orde.
- ☐ Relación clasificada dos gastos e investimentos da actividade segundo o modelo do anexo VI da orde.
- ☐ Xustificantes do investimento: copia das facturas dos gastos, emitidas dentro do período comprendido entre a data de entrada en vigor da orde e a data límite de xustificación, xunto cos extractos de contas ou documento bancario debidamente identificados, de xeito que quede acreditada a efectiva realización dos pagamentos.
- ☐ Documentación relativa aos controis sanitarios realizados segundo a lexislación vixente, no caso de adquisición de cans protectores e defensores do gando.
- ☐ Certificado da entidade xestora do libro xenealóxico da raza, que acredite que o animal está rexistrado no Libro xenealóxico da raza, no caso do can de palleiro.

COMPROBACIÓN DE DATOS

Os documentos relacionados serán obxecto de consulta ás administracións públicas. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no recadro correspondente e achegar unha copia dos documentos.

OPÓÑOME Á
CONSULTA

Inscripción no Rexistro Galego de Identificación de Animais de Compañía (Regiac), de acordo co establecido no punto 3 da disposición transitoria primeira da Lei 4/2017, do 3 de outubro, de protección e benestar dos animais de compañía en Galicia, no caso de solicitar a axuda para a adquisición e/ou manutención de cans protectores e defensores do gando das razas mastín español, mastín do Pireneo e can de palleiro.



SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE

Lugar e data

,

de

de

Dirección Xeral de Patrimonio Natural

XUNTA
DE GALICIA

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>

XUNTA
DE GALICIACONSELLERÍA DE
MEDIO AMBIENTE E
CAMBIO CLIMÁTICO

ANEXO V

MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CUMPRIMENTO DAS CONDICIÓNS IMPOSTAS NA CONCESIÓN
MT809D - AXUDAS ECONÓMICAS PARA A PREVENCIÓN DOS DANOS QUE CAUSAN AS ESPECIES SILVESTRES

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE

IDENTIFICACIÓN

TIPO	NÚM.	PAÍS EMISOR
NOME/RAZÓN SOCIAL	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)

IDENTIFICACIÓN

TIPO	NÚM.	PAÍS EMISOR
NOME/RAZÓN SOCIAL	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO

RESUMO DAS ACTUACIÓNS APROBADAS E REALIZADAS

CONCEPTO SUBVENCIONADO	UNIDADES APROBADAS	CONTÍA DA SUBVENCIÓN APROBADA (€)	UNIDADES REALIZADAS E XUSTIFICADAS	IMPORTE DO INVESTIMENTO REALIZADO E XUSTIFICADO
Adquisición de cans para a protección e defensa do gando				
Manutención de cans para a protección e defensa do gando				
Pastores eléctricos				
Mallas electrificadas (rolo de 50 metros de lonxitude)				
TOTAL				

SIGNATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE

Lugar e data , de de

Dirección Xeral de Patrimonio Natural

XUNTA
DE GALICIA

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>

RELACIÓN CLASIFICADA DE GASTOS E INVERSIONES

MT809D - AXUDAS ECONÓMICAS PARA A PREVENCIÓN DOS DANOS QUE CAUSAN AS ESPECIES SILVESTRES

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE

IDENTIFICACIÓN

TIPO

NÚM.

PAÍS EMISOR

NOME/RAZÓN SOCIAL

PRIMEIRO APELIDO

SEGUNDO APELLIDO

E. NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)

IDENTIFICACIÓN

TIPO

NÚM.

PAÍS EMISOR

NOME/RAZÓN SOCIAL

PRIMEIRO APELIDO

SEGUNDO APELIDO

RELACIÓN DE GASTOS E INVERSIONES

DECIMAL TIPO DOCUMENTO NÚMERO DOCUMENTO DATA ACREDOR IMPORTE DATA

[illegible]

**XUNTA
DE GALICIA**CONSELLERÍA DE
MEDIO AMBIENTE E
CAMBIO CLIMÁTICOANEXO VI
(continuación)

SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE

Lugar e data

,

de

de

Dirección Xeral de Patrimonio Natural

CVE-DOG: wfe0ry45-fo88-zqq8-qs85-ujkns22en8j4

**XUNTA
DE GALICIA**

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>